




Urraca, entre celas¹

Raquel Castro²



O CABALO BRANCO: Eu non quero ser Cabalo, Cabalo e nada máis ca Cabalo, pero tampouco non quero ser Alfil, nin Peón, nin Torre, nin Rerr... (*Detense a tempo, baixo os ollos accesos e agraviados do Rei e da Raíña e, en troques de dicir “nin Rei”, finxe un tusido e segue*) Eu quero ser algo que sexa a un tempo Cabalo e Alfil e Peón e Torre e...

“O drama do Cabalo de xadrez”, en *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste

PERSONAXES

URRACA:

Nena de oito anos, princesa e futura raíña de Galiza, León e Castela.

AFONSO VI/ REI:

Pai de Urraca.

RAÍÑA CONSTANZA/ DAMA:

Nai de Urraca.

Personaxes-pezas de xadrez

BISPO, conselleiro do Rei Branco. Fala deixando zoar moito os eses, como falaría unha serpe, se falase.

CABALO BRANCO, valente e esforzado cabalo, mais tivo a *mala pata* de fracturar unha pata.

EGUA NEGRA, que non é cabalo, senón egua. Unha egua fachendosa que engalana as súas longas crinas negras con lazos de cores.

REI NEGRO, é o malo desta peza. Pretende que Urraca sexa a súa dama, aínda que ela non queira. Ten acento francés.

PEOAS BRANCAS, desempeñan a súa función de soldados. A peoa I é a máis decidida e a II é a máis tímida.

PEOA NEGRA, única peoa que lle queda ao Rei Negro. Ten moito carácter e acento francés.

As peoas, brancas e negra, son coma un coro que se move con ritmo militar e sempre de fronte. Levan espadas.

¹ Peza estreada nas Xornadas de Teatro de Alxén (Salvaterra de Miño) polo grupo de teatro ATA SEMPRE de Alxén.

² <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/raquel-castro>; <https://gl.wikipedia.org/wiki/RaquelCastro>.

ACTO I

Alcoba de Urraca. Estancia sobria con coxíns de cores que destacan sobre o chan axadrezado en azulexos brancos e negros. No prosce- nio hai un baúl vermello que tanto serve de mesa de xogos coma de caixón onde se garda de todo: os xogos de Urraca, artesa do pan...

Urraca xoga unha partida de xadrez con súa nai, a raíña Constanza. O taboleiro está co- colocado enriba do baúl e elas están axeonlla- das sobre cadanseu coxín. Urraca move con pezas brancas e a Raíña con pezas negras. Unha vela acesa ilumina a escena.

Escena 1ª

RAÍÑA: Hai que ver que malleira me estás dando, Urraca, deixáchesme sen pezas.

URRACA: (*Rindo*) Prepárese, miña nai, que en nada lle fago xaque!

RAÍÑA: De non ser por esta egua negra, que me saíu batalladora, estaba perdida hai tempo.

URRACA: Non ten nada que facer, por moi valente que sexa, esa egua preta contra o meu cabaliño branco.

RAÍÑA: Creo que me rindo xa, miña nena!

URRACA: Non, non faga tal, miña nai! Sigamos un pouquiño máis.

RAÍÑA: Sospeito que non rematas a partida por enredar, Urraca, mais xa levamos aquí boa parte da tarde e temos tarefas pendentes.

URRACA: Non lle gusta estar comigo, miña nai?

RAÍÑA: Como non me había gustar? Mais se teu pai sabe que pasamos a tarde xogando, no canto de facer labores ou aprender latín, non creo que o festexe moito.

URRACA: Meu pai nin conta se dará, sempre tan ocupado en gobernar os seus reinos.

RAÍÑA: E ti tamén deberías comezar a estalo, Urraca, porque polo de agora es a única herdeira de teu pai.

URRACA: Xa se encargará vostede, mi madre, de remediar tan desafortunado futuro dándolle a meu pai un fillo varón.

RAÍÑA: Pensas, Urraca, que ser a raíña sería un desafortunado futuro?

URRACA: Si, miña nai, pénsoo.

RAÍÑA: Cantas nenas coma ti desexarían ser raíñas...

URRACA: Pois eu non quero, miña nai, non quero.

RAÍÑA: E pódese saber por que?

URRACA: Porque iso suporía estar todo o día ocupada matinando en asuntos aburridos, sen tempo para facer o que realmente me gusta.

RAÍÑA: E que é o que che gusta a ti, miña filla?

URRACA: (*Érguese*) Gustaríame ser trobadora e compoñer cantigas para logo ilas cantar de vila en vila.

RAÍÑA: (*Érguese, tamén*) Estámosche avia- das, ho! (*Facéndolle mofa*) A princesa trobadora, que sería a mofa da corte toda!

URRACA: Non se ría de min, miña nai, é fer- moso ter soños.

RAÍÑA: Perdoa, Urraca, tes razón. Os soños son o noso meirande tesouro, un tesouro ben soterrado no corazón.

URRACA: (*Movéndose soñadora polo esce- nario*) A min gustaríame deixar saír o meu te- souro, darlle ás para que voe e vaia polo reino adiante.

RAÍÑA: Os soños son soños e está ben telos, non che digo que non, mais a realidade é ben distinta para as mulleres, Urraca.

URRACA: Por que ten que ser así, miña nai?

RAÍÑA: Porque as mulleres non poden andar polo reino adiante facendo trobas, coma ti dis.

URRACA: E que me di da bailarina que veu non hai moito ao castelo acompañando aquel xograr que traía novas da fronteira?

RAÍÑA: Urraca... unha bailarina non é unha princesa ou o que é o mesmo, unha princesa non é unha bailarina.

URRACA: Miña nai, ás veces soño que son unha bailarina e danzo e danzo ata caer esgota- da. (*Dá voltas e voltas e cae sentada no chan*)

RAÍÑA: (*Cóllea das mans e dá voltas canda ela*) Sabes con que soño eu, miña nena? Soño con que sexas a primeira raíña destes reinos.

Escena 2ª

Entra Afonso, o Rei. A Raíña e Urraca pónen- se en firme e fanlle unha reverencia.

AFONSO: A primeira raíña, quen?

RAÍÑA: Urraca.

AFONSO: Para que Urraca sexa raíña, teño que eu morrer sen ter outro fillo.

RAÍÑA: Urraca sería unha boa raíña, meu querido.

URRACA: Non pase medo, meu pai, que eu, polo de agora, non lle teño intención ningunha de gobernar os seus reinos.

REI: Polo de agora vas casar.

RAÍÑA: Casar? Como vai casar a miña nena se tan só ten oito aniños?

AFONSO: Xa outras casaron antes, non sei por que te alporizas tanto?

URRACA: (*Un pouco atordada, vaga pola escena*) Vou casar, vou casar...

AFONSO: Si, Urraca, vas casar grazas a teu pai que che conseguiu unha boa maridaxe, nada menos ca con Raimundo de Borgoña.

URRACA: (*Sen alegría*) Que contenta estou, meu pai!

AFONSO: Como ten que ser, nena, como ten que ser! (*Á raíña*) E agora deixádevos de xogos e ensínalle cousas útiles que debe saber unha futura esposa.

RAÍÑA: Meu señor, non deberíamos pensar o asunto máis devagar?

AFONSO: Non hai nada que pensar, xa pensei eu por vós, que para iso son o rei.

RAÍÑA: (*Suplicante*) Mais... aínda é unha cativiña inocente.

AFONSO: Non esperaba esta disposición ante tan grande noticia que eu traía, froito da miña preocupación polo futuro da infanta.

URRACA: (*Sentando a carón do xadrez*) Rematamos a partida, miña nai?

RAÍÑA: Agora non, miña nena, non está o forno para bolos.

URRACA: Xoga vostede, meu pai?

AFONSO: (*Para en seco, observa a Urraca e vai cara a ela con paso firme*) Non me entendiches, Urraca? (*Dun só golpe tira as pezas polo chan*) Acabáronse os xogos! Agora só hai un xogo para ti: aprender a ser muller!

URRACA: Eu... (*Derrúbase no baúl e rompe a chorar*).

AFONSO: Imaxinei festa e alegría coa miña nova e atópome choros e queixas! (*Á raíña*) Isto non pode ser, Constanza, fixeches da infanta unha malcriada.

RAÍÑA: Déixanos soas, Afonso, eu farei dela a muller que queres que sexa.

AFONSO: Iso espero! (*Vaise*)

Escena 3ª

Urraca, en crequenhas, tenta recoller as pezas de xadrez que o pai derramou. A raíña cóllea con agarimo e condúcea cara aos coxíns mentres lle vai falando.

RAÍÑA: Miña nena, deixa agora as pezas, xa haberá tempo de recollelas.

URRACA: (*Co cabaliño branco na man*) Meu pobre cabaliño branco, co valente e esforzado que era na batalla, agora quedou coxiño dunha pata.

RAÍÑA: Urraca, meu caravel, aténdeme! Deixa o xadrez, ergue e ven descansar.

URRACA: Non podo descansar, miña nai, teño que curarlle a patinha ao meu cabaliño branco.

RAÍÑA: Mañá mesmo falarei co mestre carpinteiro para que che faga un cabaliño novo que imite a este.

URRACA: Non, miña nai, eu non quero un cabaliño novo, eu quero este cabaliño que me axudou na batalla contra o rei mouro.

RAÍÑA: Filla, ven deitar! (*Urraca déixase levar, sen soltar o cabaliño branco da man*) Agora, durme un chisquiño!

URRACA: Non quero durmir, quero xogar co meu cabaliño branco.

RAÍÑA: Máis tarde, máis tarde! (*A raíña acarria os cabelos de Urraca mentres lle canta*)

Debaixo dunha abeleira
a princesa vai durmir.
*Que non veña o cervo
seu soño ferir.*
Debaixo da manta en flor
a princesa vai sorrir.
*Que non veña o cervo
seu soño ferir.*

A princesa vai durmir
de brancas flores cuberta.
*Que non veña o cervo
seu soño ferir.*
A princesa vai sorrir
soñando que está esperta.
*Que non veña o cervo
seu soño ferir.*

A princesa queda durmida e solta da man o cabaliño branco, que cae aos seus pés. A Raíña vaise e apaga dun sopro a vela acesa. A escena queda ás escuras.

ACTO II

Escena 1ª

Vai volvendo a luz e vemos como as pezas de xadrez comezan a espertar. Urraca segue durmindo.

As pezas brancas deambulan polo escenario desorientadas emitindo sons case incomprensibles. Os seus movementos, ao espreguizarse, imitan unha danza lenta e mol.

O cabalo, tirado no chan, emite un rincho de dor; o bispo semella bisbar algunha especie de oración, o rei e a dama tentan poñer orde entre un exército de peóns que non conseguen formar. As pezas negras non se moven. Os seus rinchos, murmurios e oracións conseguen facer unha melodía similar á música.

BISPO: (*Movéndose con dificultade*) Que tombo levei! Dóeme todo, non me podo endeitar.

REI BRANCO (*O mesmo personaxe-actor que foi Afonso VI no 1º acto*) Semella mesmo que houbo un terremoto. (*Á dama*) Estás ben, miña señora?

DAMA BRANCA: (*O mesmo personaxe-actriz que foi a Raíña Constanza no 1º acto*) Estou, mais... que foi isto?

BISPO: (*Agarrando nas costas*) Un terremoto, sen dúbida, como ben dixo a súa maxestade.

REI BRANCO: De non ser que o inimigo fose quen de artellar unha máquina do demo, que nos fíxese a todos perder o sentido.

BISPO: Iso non pode ser, meu señor!

DAMA: Por que, Bispo?

BISPO: Miren alá! (*Sinalando onde xace o Rei Negro*)

REI BRANCO: É o Rei Negro!

DAMA: E o seu cabaliño, tan negro coma el!

Falan as peoas mentres seguen movéndose desorientadas polo escenario.

PEOA I: Un tremor tivo que ser o que nos fixo mover!

PEOA II: O que nos fixo mover, un tremor tivo que ser!

BISPO: As peoas son todas nosas, meu señor, non vexo peóns nin peoas no campo inimigo.

REI BRANCO: Polo que podo albiscar, tan só quedan o Rei Negro mais o seu cabalo.

DAMA: A batalla está gañada!

BISPO: E máis, se como parece, está xa morto o inimigo.

REI BRANCO: Peoas!

As peoas detéñense.

PEOAS: O que mande o meu Rei!

REI BRANCO: Ide onda o Rei Negro e comprobade se respira.

PEOAS: O que mande o noso Rei!

As peoas póñense en marcha con moito sixilo cara a onde están, aínda no chan, o Rei Negro mais o seu negro cabalo.

CABALO BRANCO: (*Tenta poñerse dereito, mais non é quen*) Acúdame, miña señora, que non me teño de pé.

DAMA: Meu valente e esforzado cabaliño, que che sucede?

CABALO BRANCO: Coido, se non me equivoco, que teño rota unha pata.

DAMA: Déixame ver! (*Tócalle na pata*)

CABALO BRANCO: Aaaaaaaah! Miña señora, esta pata está tronzada!

DAMA: Bispo, que podemos facer?

BISPO: O mellor nestes casos é cortar polo san.

CABALO BRANCO: Así me gusta, ho! E logo son eu o animal deste xogo.

DAMA: Sosega, meu cabaliño, que haberá remedio mellor.

BISPO: Non lle sei... eu creo que cortando acababamos antes!

DAMA: Meu rei, que podemos facer coa pata do noso único cabaliño?

REI BRANCO: (*Que estaba mirando o avance das súas peoas*) Cortarlla!

BISPO: (*Cheo de razón*) Palabra de rei!

CABALO BRANCO: A pata é miña e se eu non quero cortala, non ma habedes de cortar.

REI BRANCO: Fai o que queiras cabalo, que eu haberei gañar a batalla sen ti e, tal como estás, de pouco me has de valer.

DAMA: Non fales así de quen tanto nos ten axudado.

REI BRANCO: Na batalla non se precisan eivados, querida! Se está coxo, de que nos vale?

CABALO BRANCO: Hai que ver que mala pata!

DAMA: Ven canda min, cabaliño, que che hei curar esa pata. (*Colle o cabalo e lévao canda ela para o bordo do escenario onde sentan os dous. Faille unhas fregas na pata*)

REI BRANCO: Aí veñen as peoas e traen prisioneiro o Rei Negro, meu eterno inimigo. Isto é un “xaque-mate” en toda regra.

CABALO BRANCO: Mais a egua negra, meu eterno amor! (*Suspira namorado*)

Chegan as Peoas diante do Rei.

REI BRANCO: Detédevos!

PEOAS: O que mande o noso Rei!

REI NEGRO: (*Esaxerando moito a vibración dos erres*) Collichesme prisioneiro a traizón!

REI BRANCO: Déixate de panxoliñas e réndete con honor.

REI NEGRO: Que honor pode haber en apresar un inimigo malferido?

EGUA NEGRA: (*Sen deixar de peitear as súas longas crinas*) Aquí estou eu para defender o meu rei, a batalla aínda non está gañada.

CABALO BRANCO: (*Tenta erguerse coxeando*) Tamén estou eu para defender o meu rei, non tes nada que facer.

EGUA NEGRA: (*Encarando o cabalo branco*) Valente defensor, que non se ten nunha pata.

CABALO BRANCO: (*O Cabalo branco retrocede abatido*) Non teño nada que facer ante semellante beleza.

DAMA: (*Sostendo o cabalo branco*) E se facemos unha tregua?

REI BRANCO: Que parvada, querida! Unha tregua, tendo a batalla gañada.

REI NEGRO: Unha tregua?

BISPO: É evidente que somos superiores, as vosas baixas non vos permitirán manobra algunha.

PEOAS: Matámolo, meu señor?

REI BRANCO: Antes hai que pactar as condicións da rendición.

PEOAS: O que mande o noso Rei!

Aparece unha peoa negra desorientada que se une ás peoas brancas.

PEOA NEGRA: O que mande o noso Rei!

REI NEGRO: De onde saes, Peoa?

PEOA NEGRA: Non o sei, meu señor!

REI NEGRO: Cal é a cor da túa roupa, peoa?

PEOA NEGRA: Negra, meu señor!

REI NEGRO: E que fas no campo inimigo, Peoa?

PEOA NEGRA: (*Véndose rodeada*) Non sei, meu señor!

EGUA NEGRA: Ven canda nós, pasmona!

A Peoa negra móvese cara aos seus iguais.

REI NEGRO: Agora cambiou a cousa, esta peoa será a salvación do meu reino.

REI BRANCO: En pouco valoras o teu reino se fías a súa salvación nunha peoa desorientada.

BISPO: (*Ao Rei Branco*) Non a faga a menos, meu señor, que esta peoa pode chegar a salvar o inimigo.

PEOA NEGRA: Unha dama quero ser, que xa vou farta de andar sempre en primeira liña na batalla.

DAMA BRANCA: Non pensarás que é mellor vida a dunha dama que a dunha soldado?

PEOA NEGRA: Pénsoo de certo, señora, e abofé que as súas dúas esforzadas soldados han pensar o mesmo.

PEOA I: O que mande a miña señora hei de pensar!

PEOA II: O que mande a nosa señora habemos de pensar!

PEOA NEGRA: (*Dando a volta*) Tedes a cabeza comida, miñas amigas!

BISPO: (*Ao Rei Branco*) Non deixe que se organicen, meu señor, que esta soldado pode ser un problema, ten pinta de pensar pola súa conta e iso é perigoso.

REI BRANCO: (*Ao Bispo*) Tes razón, meu bispo, temos que pactar a rendición. (*Ao Rei Negro*) Réndete xa!

REI NEGRO: (*Sacando a espada*) Nunca sen loitar!

O Rei Branco saca tamén a espada e a Dama métese no medio.

DAMA: Por favor, que obsesión con entrar en batalla. Non sería mellor negociar?

REI BRANCO: (*Berrando*) Non hai nada que negociar, a vitoria é miña.

REI NEGRO: Aínda pode ser miña!

REI BRANCO: Miña!

REI NEGRO: Miña!

BISPO: Dáme a risa! Que pode facer un rei con tan só unha egua presumida e unha soldado con ansias de grandeza?

REI NEGRO: As súas ansias de grandeza salvarán o meu reino.

EGUA NEGRA: Que coide a miña imaxe non quere dicir que non sexa unha profesional e non saiba desempeñar o meu traballo.

PEOA NEGRA: (*Ao Rei Negro*) Prométole, meu señor, que hei de chegar a ser dama!

DAMA: Permítame que lle diga que moito caldo ten que comer aínda!

PEOA NEGRA: O caldo tampouco me viña mal.

PEOAS BRANCAS: Caldo?

PEOA I: Quen dixo caldo?

PEOA II: Nós tamén queremos caldo!

REI BRANCO: O caldo hai que gañalo!

TODAS AS PEOAS: (*Negra e brancas, dando coas espadas no chan*) Queremos caldo, queremos caldo, queremos caldo!

Urraca esperta e, desorientada, vai cara ás pezas que a miran estrañadas.

URRACA: Hai caldo para xantar? Que ben, co que me gusta a min o caldo.

TODAS AS PEOAS: (*Xuntándose con Urraca*) Queremos caldo, queremos caldo!

REI BRANCO: Silencio!

As peoas póñense firmes e calan.

REI NEGRO: (*Á Peoa negra*) Ti só calas se te mando eu calar!

PEOA NEGRA: Quero caldo, quero caldo!

REI NEGRO: Cala! (*Cala*)

URRACA: (*Movéndose por entre as pezas*) Pero... como hai tanta xente na miña alcoba?

DAMA: A túa alcoba? O campo de batalla, dirás, cativa!

URRACA: Que batalla?

REI BRANCO: A que lle vou gañar ao Rei negro.

URRACA: E que quere o Rei Negro, meu pai?

REI NEGRO: Quérote a ti e veño buscarte para que sexas a miña dama.

URRACA: Eu non quero ser a dama de ninguén, eu tan só quero xogar.

DAMA: (*Poñéndose diante de Urraca*) Tranquila, miña nena, que te hei defender.

CABALO BRANCO: Eu tamén a estou defendendo, mire como quedei na guerra: coxiño da pata dereita por tela defendido.

URRACA: (*Botándose ao pescozo do cabalo*) Meu cabaliño branco!

CABALO BRANCO: (*Laiándose meloso*) E este (*sinala o bispo*) quíriame cortar unha pata.

BISPO: Iso foi idea do rei.

URRACA: Xamais o permitirei.

CABALO BRANCO: (*Rincha*) Iiiiiiiiiiiiiiii! Grazas, miña señora.

URRACA: (*Ao cabalo branco*) Un pouquiño de caldo fará que te mellores, meu cabaliño. Sentemos todos a comer caldo!

PEOAS: Queremos caldo, queremos caldo, queremos caldo!

REI BRANCO: Insisto en que primeiro hai que gañar a batalla.

REI NEGRO: Concorro co meu inimigo, hai que gañar a batalla antes de xantar.

DAMA: Pois eu concordo coa nena, quero comer caldo.

PEOAS: Queremos caldo, queremos caldo!

BISPO: (*Aos reis*) Aconséllolles que tomen o caldo, porque con fame non é doado gañar a batalla e as tropas fartas protestan menos e loitan máis.

PEOAS: Queremos caldo, queremos caldo!

URRACA: (*Ás peoas*) Axudádeme a poñer a mesa, teño aquí a miña vaixela, que dispón de sete cuncas. (*Urraca abre o baúl e vai sacando as cuncas*)

DAMA: Xusto as que se precisan para tomar un bo caldiño. Xa o dí o refrán: se queres caldo, sete cuncas.

BISPO: Permítame que lle diga que iso non era así, miña señora, senón... “o que non quere caldo, sete cuncas”.

DAMA: Era así, porque o digo eu e xa está, e se non estás conforme, quedas sen caldo.

O Bispo retrocede anoxado en diagonal, por suposto.

PEOAS: (*Seguen a Urraca que está a remexer no baúl na busca da vaixela*) Queremos caldo, queremos caldo!

REI NEGRO: Un caldo en plena batalla... non será unha artimaña? Igual me preparas un solimán para envelenarme.

DAMA: Non sexa desconfiado e déixese confortar, que un bo caldiño sempre presta ben. Sentemos aquí mesmo!

BISPO: Que descompostura, señora, tomar o caldo no chan!

DAMA: Non sexa tan melindreiro, meu conselleiro, e pouse o cu dunha vez.

Os reis, a dama e mais o bispo sentan no chan a conversar, mentres a egua negra vai onda o cabalo branco que quedou esquecido nunha esquina.

EGUA NEGRA: Que, meu valente cabalo, non ves tomar o caldo?

CABALO BRANCO: A miña patiaña non me quere deixar.

EGUA NEGRA: Quedarei eu entón, se non che parece mal, a tomar o caldo canda ti.

CABALO BRANCO: Non hai cousa que me faga máis feliz.

EGUA NEGRA: Ademais, non creo que nos deixasen sentar canda eles, ás bestas sempre nos tratan mal.

CABALO BRANCO: A miña señora Urraca trátame coma un igual.

EGUA NEGRA: Iso mentres non chegue a dama, que despois axiña se esquecerá de ti.

CABALO BRANCO: Vas dicir que é unha tolería, pero...

EGUA NEGRA: Di...

CABALO BRANCO: É que estaba eu a matinar nun asunto que non sei se...

EGUA NEGRA: Conta, veña, que é?

CABALO BRANCO: E se os deixamos aí a tomar o caldo e imos nós papar un pouquiño de herba pola nosa conta?

EGUA NEGRA: Non cres que nos botarán en falta?

CABALO BRANCO: Non creo, estes cando se poñen co caldo esquécese de todo.

EGUA NEGRA: E a patiaña, xa non che doe? Vas poder camiñar?

CABALO BRANCO: Se me deixas apoiarme en ti, non me ha de doer tanto.

EGUA NEGRA: Está ben, que a min o caldo tampouco me gusta, prefiro as verzas fresquiñas, ao natural.

CABALO BRANCO: Pois coñezo eu un prado, aquí á volta, que ten uns grelos para tolear.

EGUA NEGRA: Espero non tolear.

CABALO BRANCO: Se non queres tolear polos grelos, podes tolear por min!

EGUA NEGRA: Vai amodo que te vexo vir... e tendo a perna coxa non deberías correr tanto!

CABALO BRANCO: Non me queda máis remedio ca ir amodo con esta patiaña tolleita.

EGUA NEGRA: Anda, cóllete en min. (*O Cabalo branco ergue e cólgase do ombreiro da egua*)

Os dous van saíndo de escena, sen que ningún se decate.

Escena 2ª

Chega de volta Urraca ao centro da escena, coas peoas e o caldo. Póñense a servir cuncas entre os catro que agardaban sentados no chan.

PEOAS: Traemos caldo! Traemos caldo!

URRACA: Caldiño ben quentiño para todos.

Urraca e as peoas, logo de servir o caldo, sentan tamén no chan.

REI BRANCO: Estache ben bo este caldo!

REI NEGRO: Dende logo, estame reconfortando o corpo.

BISPO: E xa que estamos tan ben reconfortados, poderíamos asinar a paz.

DAMA: Unha excelente idea!

PEOA NEGRA: A mellor cousa que oín en tempo.

PEOA BRANCA I: Pois eu non as teño todas comigo.

PEOA BRANCA II: Por que compañeira?

PEOA BRANCA I: Non sei que sería de nós se acaba a guerra.

DAMA: Viviríamos en paz, pareceche pouco?

PEOA BRANCA I: Non me entenda mal, miña señora, mais eu nacín para ser unha soldado e loitar ao lado do meu rei.

REI BRANCO: Como ten que ser!

URRACA: E por que estades loitando, se se pode saber?

Os reis míranse sorprendidos.

REI NEGRO: Vaia parvada! Estamos loitando porque estamos en guerra.

URRACA: Fixen mal a pregunta, entón. O que quero dicir é por que estades en guerra?

REI BRANCO: Porque somos dous reinos inimigos dende tempos ancestrais e temos que loitar.

REI NEGRO: Hoxe es ti a desculpa, mañá será un marco que se moveu e pasadomañá será unha palabra a destempo.

DAMA: A verdade é que a meirande parte das veces xa nin nos acordamos de por que estamos loitando.

BISPO: É a nosa vida, a loita, a batalla. Unhas veces gañan os do castelo negro e outras veces gañamos os do castelo branco.

URRACA: Pois eu non quero loitar!

PEOA NEGRA: Eu estou coa rapaza, non quero loitar.

PEOA BRANCA I: Apoio a compañeira, tampouco quero loitar.

PEOA BRANCA II: (*Dubidando*) Eu... eu... non sei que facer.

REI BRANCO: (*Erguéndose alporizado*) O que me faltaba! Isto é un motín que non vou consentir.

REI NEGRO: (*Érguese tamén*) Nin eu tampouco.

BISPO: (*Ao Rei Branco*) Xa lle dixen que ti-vese coidado con esa (*sinala a peoa negra*) que ten pinta de arma danzas.

Urraca ignora as disputas dos reis... como se oíse chover.

URRACA: Xogamos a algo? Eu agora, coa barriga chea de caldo, quero xogar.

PEOA I: Eu tamén quero xogar!

PEOA NEGRA: Unha idea estupenda!

PEOA II: (*Mirando temerosa ao Rei Branco*) Eu... non sei... se quero xogar.

PEOA I: Como non vas querer xogar, se a ti che encanta xogar?

PEOA II: Meu Rei, vostede que di, podo xogar ou poñémonos a loitar?

REI BRANCO: (*Desesperado*) Isto é unha tolería!

DAMA: Meu querido, déixate levar! (*Ao Rei Negro*) E vostede, que me di, meu inimigo, podería deixar as armas por un momento e xogar con nós?

REI NEGRO: (*Resignado*) Creo que é o mellor que podemos facer.

BISPO: E el que vai dicir, se ten a batalla perdida. Interésalle perder o tempo.

URRACA: A min apetécame xogar ás agachadas, e a vós?

PEOAS: Ás agachadas, ás agachadas!

REI NEGRO: E como se xoga?

URRACA: Un ten que contar e os outros foxen a agacharse.

BISPO: Unha oportunidade única para que fuxa o inimigo.

DAMA: Non sexa tan desconfiado, estamos nunha tregua, o inimigo ten que dar a súa palabra de que non vai fuxir.

REI NEGRO: Por suposto!

REI BRANCO: Aquí toleou todo o mundo!

PEOAS: (*Brancas e negra*) Queremos xogar! Queremos xogar!

REI BRANCO: Que tolería!

URRACA: Quen queda?

PEOA NEGRA: Hai que botalo a sortes.

PEOA BRANCA I: Quen sabe unha cantiga para botar a sortes?

URRACA: Eu sei unha! Poñédevos en roda que sorteo.

Uni, doni, treni, catoni,
quini, quinete.
Estaba a raíña
no seu gabinete,
veu Xil,
apagou o candil,
candil candilón,
xustiza ao ladrón.

(*Tócalles quedar ao Bispo*)

BISPO: Nunca che tiven sorte nisto dos xogos, dende que era un neno sempre me tocaba quedar a min.

DAMA: Non se queixe, meu conselleiro, que só ten que contar.

BISPO: Ata cantas conto?

URRACA: Ata vinte e cinco.

PEOA NEGRA: Imos logo a agocharnos! (*Foxe*)

PEOA BRANCA I: Imos nós tamén!

PEOA BRANCA II: Imos!

Vanse as peoas brancas

DAMA: Eu tamén me vou! (*Vaise*)

REI NEGRO: E eu fago o mesmo. (*Vaise*)

REI BRANCO: Isto non me cheira ben, non sei eu se debo abandonar a batalla.

URRACA: Xa non hai batalla, agora toca xogar. Imos!

Vanse os dous, o Rei non moi convencido. Queda en escena o Bispo a contar.

BISPO: 1, 2, 3, 4... e 25. Vou! (*Dá voltas polo escenario e remexe na busca de xente, mais non atopa a ninguén*) Onde estades?... Que? Non vai aparecer ninguén? (*Baixa onda o público e segue buscando*)

Entran o cabalo branco e a egua negra moi contentos e rindo moito.

BISPO: (*Vai lixeiro cara a onde contara*) Polo cabalo branco e pola egua negra!

CABALO BRANCO: Que?

EGUA NEGRA: Que di este pasmón?

BISPO: Que vos apañei e estades collidos.

CABALO BRANCO: Ti de que falas?

BISPO: Non entendo nada! Non é así o xogo? Eu véxovos e dou por vós.

EGUA NEGRA: Calquera diría que estás a xogar ás agachadas.

BISPO: Iso mesmo é o que estamos a facer seguindo os consellos de Urraca, que non os meus.

CABALO BRANCO: Entón... xa acabou a guerra?

BISPO: Estamos nunha tregua.

Aparece por un lateral a Dama...

DAMA: Por min!

BISPO: Por estar a enredar con vós, salvouse a dama. (*Ponse a vixiar o posto*)

Entra o Rei Branco con moita pachorra.

DAMA: Apura, meu señor, que lle gañas ao bispo!

BISPO: Polo Rei!

DAMA: Oh, meu señor, tiñas que ter ido con máis prestancia.

REI BRANCO: Parvadas!

Entran as peoas brancas, que se salvan.

PEOA BRANCA I: Por min!

PEOA BRANCA II: E por min tamén!

REI BRANCO: Xa só falta o Rei Negro e a súa peoa!

BISPO: Cousa un pouco sospeitosa, non si?

DAMA: Que queres dicir?

BISPO: Digo, señora, que igual aproveitaron a nosa confianza para fuxir.

DAMA: Un cabaleiro nunca faría tal. Deunos a súa palabra.

REI BRANCO: Non vos dixen que isto era unha parvada?

DAMA: Máis ou menos cincuenta veces xa, meu señor!

BISPO: Deixámolo escapar!

EGUA NEGRA: O meu señor non sería quen de escapar deixándome a min.

DAMA: Tamén falta Urraca!

REI BRANCO: A señorita que nos meteu nisto!

Aparece o Rei Negro mais a súa peoa levando entre eles a Urraca.

BISPO: Polo Rei, por Urraca e pola peoa negra!

REI NEGRO: (*Rindo*) Valente parvada de xogo!

REI BRANCO: O que eu dicía.

REI NEGRO: Aquí traio prisioneira a princesa Urraca!

PEOA NEGRA: Se en algo valoran a súa vida dean por perdida a batalla.

DAMA: Miña nena!

URRACA: Isto é trampa! Estabamos xogando e este (*sinala o Rei Negro*) colleume a traizón.

REI BRANCO: (*Furioso*) Nena irresponsable!

URRACA: (*Choromicando*) Eu só quería xogar!

REI NEGRO: Agora es a miña dama, teño a batalla gañada.

URRACA: Eu non quero ser a túa dama, nin a dama de ningún. Eu quero ser trobadora.

REI BRANCO: Has ser unha dama, naciches para iso!

URRACA: Non quero!

PEOA NEGRA: Se a rapaza non quere ser dama, tampouco a imos obrigar, digo eu.

REI NEGRO: Has ser a miña dama, que gañei a batalla.

URRACA: Non quero!

O retrouso das peoas, cada vez que se repite, leva ritmo musical e avanza cara adiante tres pasos, ao calar retroceden.

PEOAS BRANCAS: Urraca non quere! Urraca non quere!

PEOA NEGRA: (*Soltando a Urraca*) Isto cambia as cousas! Se Urraca non quere ser dama, non hai nada que facer.

REI BRANCO: Ten que ser dama!

PEOAS BRANCAS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: Non quero!

REI NEGRO: E para iso gañei eu a batalla?

REI BRANCO: Batalla gañada con artimañas, non pode dar bo resultado.

PEOAS: (*Brancas e negra*) Urraca non quere! Urraca non quere!

CABALO BRANCO: Eu tampouco quero loitar máis.

EGUA NEGRA: Nin eu, que xa me doen as patas de tanto patear o campo de batalla.

REI NEGRO/REI BRANCO: Isto é unha rebelión!

PEOAS: (*Brancas e negra*) Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: Non quero que loitedes por min, quero que fagades as paces e deixedes a batalla.

REI NEGRO/REI BRANCO: Imposible, nacemos para loitar!

DAMA: Non ten sentido que sigades loitando, se non hai por que loitar.

PEOAS: (*Brancas e negra*) Urraca non quere! Urraca non quere!

REI BRANCO: E que habemos de facer, se non loitamos?

REI NEGRO: Iso digo eu, porque levo toda a vida loitando e non sei facer outra cousa.

URRACA: Podedes facer o que sempre quixestes, facer realidade os vossos soños.

CABALO BRANCO: A min gustaríame vivir no campo rodeado de pampullos para poder comer a todas horas.

EGUA NEGRA: Ese tamén é o meu soño, non hai cousa que máis me guste que os pampullos recedentes da primavera.

PEOA NEGRA: (*Dando voltas polo escenario como unha buxaina*) Eu vou ser bailarina, sempre quixen moverme libre sen ter que andar desfilando co aburrido: (*imita o desfile militar*) un, dous... un, dous... un, dous...

PEOAS BRANCAS: (*Imitándoa como buxainas*) Bailarinas, bailarinas!

URRACA: E eu compoñerei lindas cantigas para que vós as bailedes. Iremos polo mundo adiante co noso espectáculo.

CABALO BRANCO: Eu tamén quero ir, que seguro que por ese mundo adiante ha de haber ben pampullos.

EGUA NEGRA: Todos os pampullos do mundo á nosa disposición!

De súpeto o Rei Negro agarra a Urraca e ponlle a espada na gorxa.

REI NEGRO: Non vou permitir tal tolería. Levo a Urraca prisioneira; ha de ser a miña dama polas boas ou polas malas.

DAMA: Sóltea, non pode facer iso!

URRACA: Non quero! Non quero!

PEOAS: (*Brancas e negra*) Urraca non quere! Urraca non quere!

REI BRANCO: Isto hai que falalo de vagar, sóltea!

REI NEGRO: Demasiado tarde. Lévoa para o meu castelo! (*Vaise levando a Urraca*)

URRACA: (*Opóndose sen éxito*) Non quero! Non quero!

DAMA: Non pode ser, levou a nosa princesa. Que imos facer?

BISPO: Deberíamos negociar.

REI BRANCO: E con que imos negociar? Estamos perdidos.

BISPO: Meu señor, nós temos o seu cabalo e a súa peoa. Pedimos un rescate.

PEOA NEGRA: Comigo non contén, eu xa non quero saber de máis batallas.

Miran a egua.

EGUA NEGRA: A min non me miren, eu non penso volver ao castelo negro!

PEOA BRANCA I: Non podemos deixar a princesa nas mans dese desalmado.

PEOA BRANCA II: Ataquemos! Logo, xa se-rei bailarina.

DAMA: Non podemos atacar, que pode resultar malferida a princesa.

BISPO: (*Ao rei*) Insisto en que temos que negociar.

REI BRANCO: Nada temos para negociar, meu conselleiro.

EGUA NEGRA: Se mo permite, señor, a min ocorréuseme unha idea.

REI BRANCO: Fala!

EGUA NEGRA: Ao meu amo, o Rei Negro, gústalle moito o pan de centeo.

REI BRANCO: E a min tamén, mais iso non nos vai devolver a princesa.

EGUA NEGRA: Non é que lle guste moito o pan de centeo, señor, é que lle gusta moitísimo, que o volve tolo.

BISPO: E que propós? Que o volvamos tolo facéndolle comer pan de centeo?

EGUA NEGRA: No castelo negro hai tempo que ninguén come pan.

CABALO BRANCO: Papouno todo o rei, supoño!

PEOA NEGRA: O pouco que quedaba si, nin unhas migalliñas deixou.

DAMA: Terá quen lle faga máis, digo eu, ou non tedes cociñeiros?

EGUA NEGRA: Cociñeiros hai e cociñeiras tamén, mais o que non hai é centeo e sen centeo non hai pan. Con tanta batalla, os campos de cultivo hai anos que están de baldío.

BISPO: Pan de centeo sen centeo é difícil de facer, dende logo!

DAMA: Pois fagamos pan de centeo!

EGUA NEGRA: Prométoles que tan só co seu recendo aparecerá aquí a fume de carozo.

REI BRANCO: Non hai tempo que perder! Peoas, saíde cara ao muíño na busca de fariña.

PEOAS BRANCAS: O que mande o noso rei!

PEOA NEGRA: (*Ás peoas brancas*) Se me permitides que vos acompañe, estaría gustosa de axudar.

PEOA BRANCA I: Toda axuda será ben recibida!

PEOA BRANCA II: Imos!

Vanse

BISPO: E nós que facemos? Porque eu non sei facer pan.

DAMA: Nunca é tarde para aprender. Imos á co-ciña! (*Abre o baúl e saca tres mandís. Dálle un ao Bispo*) (*Dándolle un ao Rei*) Ves, meu señor?

REI BRANCO: (*Colle o mandil sen saber que facer con el*) Eu quedo a vixiar, por se volve.

CABALO BRANCO: Non se preocupe, meu señor, vaia tranquilo que xa quedamos nós.

EGUA NEGRA: E, se aparece, habemos de chalo.

REI BRANCO: Haberá que meter as mans na masa, logo. (*Pon o mandil, con moita dificultade*)

Vanse o Bispo, o Rei e a Dama.

CABALO BRANCO: Entón, miña querida, imos viaxar polo mundo na busca de pampullos?

EGUA NEGRA: Non podo imaxinar unha vida mellor.

CABALO BRANCO: Gustaríame levar canda min a Urraca.

EGUA NEGRA: Urraca non come pampullos, meu querido, non sería boa vida para ela.

CABALO BRANCO: Tampouco é boa vida ser a dama dun rei se non queres.

EGUA NEGRA: Certo! Vivir a vida que nos obrigan e non a que queremos é ben triste.

CABALO BRANCO: E se imos rescatala?

EGUA NEGRA: Nós os dous? Ti toleaches!

CABALO BRANCO: O Rei Negro está sen exército, só, no castelo. Non nos habería ser difícil dar coa princesa e traela de volta.

EGUA NEGRA: Xa non che doe a pata?

CABALO BRANCO: Doe, mais dóeme aínda máis pensar na princesa nas mans dese desalmado.

EGUA NEGRA: Está ben! Imos, xa haberá tempo para os pampullos.

Saen os dous, o cabaliño branco vai á pata coxa.

Escena 3ª

Entran as peoas, o bispo, o rei e a dama. Traen unha bola de pan. Todos levan mandil e gorro de cociñeiro. Locen enfariñados, pola cara e pola roupa.

Diante veñen a Dama e o Rei Branco.

DAMA: *(Saca fariña do mandil e tirla ao rei)* Hai que ver que ben cociñaches, meu rei!

REI BRANCO: *(Botándolle tamén fariña)* E ti tamén, miña raíña!

PEOAS: *(Brancas e negra)* Traemos pan! Traemos pan!

PEOA BRANCA I: Pan fresquiño!

PEOA BRANCA II: Pan quentiño!

PEOA NEGRA: Fresquiño e quentiño a un tempo! Nunca se viu pan tan marabilloso.

BISPO: E como recende.

REI BRANCO: A ver se lle chega o recendo ao castelo e vén por el. *(Dándolle aire ao pan co mandil, para que solte o seu recendo)*

PEOA NEGRA: Prométolle que non tardará, leva tantos días sen comelo, que non vai poder controlarse.

DAMA: Hai que defender a bola, non pode collela sen antes entregarnos a Urraca.

PEOAS: *(Brancas e negra, sacando as espadas)* Diso encargámonos nós, terá que enfrontarse ás nosas espadas.

BISPO: *(Mirando con agoa o pan)* Pois a ver se vén logo, porque xa me están dando ganas de comelo a min.

Escena 4ª

De súpeto aparece o Rei Negro, coma tolo, tras o cheiro do pan. A Raíña agóchao debaixo do mandil.

REI NEGRO: Onde teñen o pan? Onde está? Onde o teñen agochado?

REI BRANCO: Que di vostede?

REI NEGRO: *(Fóra de si, rebuscando por todo o escenario)* Onde teñen o pan?

DAMA: Que pan? Vostede toleou!

REI NEGRO: Non se faga a parva, señora, o pan de centeo.

BISPO: Un respecto, á miña señora!

REI NEGRO: Quero o pan!

REI BRANCO: E nós queremos a Urraca.

REI NEGRO: *(Buscando o pan por entre todos os presentes)* Onde está o pan? Estoume volviendo tolo co seu arrecendo. Onde está o pan?

DAMA: Onde está Urraca?

REI NEGRO: No meu castelo, onde debe estar.

DAMA: Pois o pan está no meu castelo, onde debe estar.

REI NEGRO: Sabía que tiñan o pan agochado por algures, mais heino atopar. *(Ulisca coma un can)*

REI BRANCO: Soldados, apañen o Rei Negro.

O Rei Negro foxe polo medio do público e as soldados van detrás.

Escena 5ª

Aparecen os cabalos, que traen a Urraca.

DAMA: *(Indo abrazar a Urraca)* Miña nena!

URRACA: Estadés outra vez xogando ás agachadas e non me avisastes?

REI NEGRO: *(Subindo ao escenario. Salaia)* Quero o pan! Quero o pan!

REI BRANCO: Como fuxiches do castelo negro?

URRACA: O meu valente cabalo e a egua negra rescatáronme.

CABALO BRANCO: *(Modesto)* Non foi nada!

EGUA NEGRA: Non te fagas de menos, que fuches un valente.

As peoas, por fin, collen o Rei Negro que está fóra de si.

REI NEGRO: *(Case chorando)* Quero o pan! Quero o pan!

REI BRANCO: Quere vostede o pan?

REI NEGRO: Si, por favor, isto é unha tortura! Non aguanto máis.

REI BRANCO: Darémoslle un anaquiño de pan, con codia e miolo, cunha condición.

REI NEGRO: Cal? Dígame, farei o que sexa.

REI BRANCO: Que se dea por vencido nesta batalla.

REI NEGRO: Está ben! Ríndome! Ríndome! O xaque mate definitivo! Pero non me torturen máis con este recendo a fresquiño e a quentiño.

PEOAS: (*Branças e negra*) A fresquiño e a quentiño!

DAMA: (*Achegándose coa bola de pan*) Pan para todos! A comer!

PEOAS: (*Branças e negra*) Queremos comer! Queremos comer!

BISPO: Imos sentar outra vez no chan? Non o podo crer!

REI BRANCO: O que queira pan que sente o cu no chan!

Todos sentan e a raiña ponse a cortar na bola. O primeiro anaco é para o Rei Negro que come como se tivese fame de trinta días.

BISPO: (*Ao Rei Negro*) Coidado que vai atra-goar!

URRACA: (*De pé aos cabalos*) E vós, sentade tamén que mercedes comer máis ca ninguén, polo valentes que fostes.

CABALO BRANCO: Miña querida princesa, xa sabe que eu son máis de pampullos.

URRACA: Que parva, non me acordaba.

EGUA NEGRA: E digo eu que... como a guerra acabou, non lles importará que nós os dous vaíamos polo mundo a cumprir o noso soño.

CABALO BRANCO: Recorrer os campos de pampullos do reino.

URRACA: Tedes o meu permiso!

REI NEGRO: (*Coa boca chea*) O meu non!

REI BRANCO: (*Dándolle uns golpes nas costas*) Non se fala coa boca chea, meu compañeiro, vostede siga comendo.

O Cabalo branco e a egua marchan rinchando felices e Urraca senta a comer pan.

URRACA: Mágoa me dá que se vaia o meu cabaliño.

DAMA: Mais non sería bo que o tiveses canda ti tan só porque o querías.

URRACA: Ten razón, miña señora, mais teño envexa da súa liberdade.

PEOA NEGRA: (*Erguendo*) Logo de ter chea a barriga, co seu permiso, eu tamén me retiro.

PEOA BRANCA I: Onde vas, compañeira?

PEOA NEGRA: Na busca dunha compañía de danzantes e trovadores que me queiran canda eles.

PEOA BRANCA II: (*Póndose en pé*) Podo ir contigo?

PEOA BRANCA I: Ti?

PEOA BRANCA II: Si, eu. Estou farta de loitar (*tira a espada*).

PEOA BRANCA I: (*Tirando a espada tamén*) Estaba desexando oírche dicir iso. Como me alegre de que ao fin te decidas.

PEOA II: Ves ti tamén?

PEOA I: Non sei se serei bailarina, trovadora ou xograresa, mais non vou perder a oportunidade de descubri-lo. (*Tira a espada tamén*)

PEOA NEGRA: Imos logo, antes de que se faga noite!

As peoas vanse coa súa canción, movéndose coma buxainas que leva o vento.

PEOAS BRANCAS: Acabou a guerra, quero bailar!

PEOA NEGRA: Acabou a guerra, imos bailar!

URRACA: (*Contaxiada da alegría das peoas, érguese tamén*) Podo ir eu tamén canda elas?

DAMA: (*Érguese*) Urraca, aínda es unha cativa para marchar soa polo mundo adiante.

REI BRANCO: (*Sinalando o Rei Negro que segue comendo atrapallado*) Comprendo que queiras irte, con semellante pretendente que che busquei.

BISPO: Non estea triste que non lle han faltar pretendentes, miña princesa.

URRACA: Non me entendedes, non me escoitades.

DAMA: Urraca...

URRACA: Non quero pretendentes! Nin ese, nin ningún outro.

REI BRANCO: Este está tolo, mais...

URRACA: Non quero reis que miren por min, non quero reinos que gobernar, non quero castelos que pasear, non quero coroas que me fagan chorar.

Aparecen os cabalos pola dereita e as peoas pola esquerda...

Polo baixo, soa a música.

As afirmacións das peoas, que se moven ao ritmo da música, vainas contestando Urraca.

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: vestidos de seda

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: coroas douradas

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: aneis nos meus dedos

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: zapatiños de cristal

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: ervellas na almofada

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: reinos e condados

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

URRACA: tardes de bordado

PEOAS/CABALOS: Urraca non quere! Urraca non quere!

O rei e a raíña botan fariña polo aire. Un po branco cobre a escena e envólveo todo nunha atmosfera de soño. Urraca, cansa, déixase caer nos seus coxíns e as peoas, o cabalo e a egua vagan sen rumbo pola escena, nunha danza lenta e mol, ata caer na posición inicial.

As pezas volven quedar tiradas no chan e Urraca prende no sono, mais segue falando en soños ou en pesadelos...

URRACA: Urraca non quere! Urraca non quere!

Pano